

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso da valoración de discapacidade dunha menor

Expediente: G.6.Q/4063/18

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2018

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] debido ao retraso da valoración de discapacidade dunha menor.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos as enormes listas de espera que hai para que valoren a discapacidade dunha nena de 2 anos que xa ten concedida a dependencia de grao II. Con todo entregado, seguen sen ter a data para a cita, despois de 7 meses esperando a ter noticia. A traballadora social di que hai que seguir esperando. Mentres está a esperar perde axudas de facenda, seguridade social, etc.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“... 1. Con data 27/10/2017 preséntase no Rexistro xeral da Xunta de Galicia. Portelo Único. Rexistro do Concello de Mos, entrada ..., solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade de [REDACTED] 2. Unha vez foi mecanizada a solicitude de [REDACTED] con DNI [REDACTED], a aplicación informática asígnalle a seguinte codificación vinculada: número de expediente da solicitude [REDACTED]. 3. Será precisa que a persoa sexa entrevistada polas persoas profesionais que forman o equipo de valoración cunha duración mínima de 30 minutos por profesional.

CONCLUSIÓN: Existe un elevado número de solicitudes tanto de valoración inicial como de revisión cuxa iniciación debe seguir o rigoroso arde de entrada de solicitudes para cumprir o establecido no artigo 16.1 da Orde do 25 de novembro de 2015 pala que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Esta orde de tramitación só pode ser modificada nos casos previstos no artigo 16.2 da mesma orde, que recolle os supostos de urxencia: a) Acceso ao emprego e ás ensinanzas reguladas onde exista reserva de prazas para persoas con discapacidade. b) Solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos. c) Menores de 18 anos. d) Maiores de 90 anos. e) Pensión non contributiva ou prestación por fillo a cargo. f) Caducidade da valoración do grao de discapacidade. g) Existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, relativo a violencia de xénero, que poida verse afectado polo recoñecemento e cualificación do grado de discapacidade.

Debido a este elevado número de solicitudes, estase producindo de xeito conxuntural unha acumulación de expedientes que está atrasando os prazos nos que se citan as persoas usuarias e se notifican as resolucións.

A Consellería de Política Social presentou no Consello da Xunta celebrado o 18/05/2018 un paquete de medidas ca obxectivo de mellorar o procedemento da valoración da discapacidade e reducir as listas de agarda. A primeira das actuacións que está previsto levar a cabo permitirá reforzar o persoal dos equipos de valoración para garantir o seu bo funcionamento e a creación de 14 novas equipos, o que suporá un incremento dun 74% ao pasar dos 19 equipos actuais aos 33. Prevese que os novas equipos entren en funcionamento a partir do vindeiro mes de xuño.

Por outra banda e dado que case un 30% das citas de valoración son canceladas ou non realizadas, poranse en marcha medidas para mellorar a súa xestión, incluíndo actuacións relativas á confirmación e substitución de citas programadas que permitan incrementar o número de valoracións diarias realizadas. Neste sentido, porase en marcha con carácter inmediato un servizo de confirmación e recordatorio de citas a través de SMS, remitindo á persoa solicitante ou á persoa de contacto designada, para evitar a non asistencia ás citas de valoración programadas.

Así mesmo, dentro deste conxunto de medidas, recoñecerase un grao de discapacidade do 33% de xeito automático a aquelas persoas ás cales a Seguridade Social lles teña recoñecida unha pensión de incapacidade permanente en grao total, absoluta ou grande invalidez.

Tamén se levará a cabo un proceso de revisión do procedemento de valoración da discapacidade e a simplificación do modelo de solicitude, evitando a achega de documentación a que se poida ter acceso se a persoa solicitante autoriza a súa consulta.

Ademais, coa extensión do acceso e utilización da Historia Social Única Electrónica (HSUE) - plataforma que integra nun mesmo sistema todos os datos relativos á historia social do solicitante- facilitarase a coordinación de todos os axentes que interveñen no

procedemento, á vez que se eliminará a necesidade de achegar documentación necesaria no proceso de valoración da discapacidade.

E, por último, daráselle prioridade na valoración da discapacidade a persoas con ELA para que a súa resolución se emita no prazo máximo dun mes desde o momento da solicitude. No futuro considerarase a posibilidade de estender esta tramitación urxente a outras persoas con patoloxías con características semellantes”.

ANÁLISE

1. Coa información confirmase o expresado na queixa. O procedemento atópase retrasado, posto que iniciouse o 27/10/17 e a consellería non anuncia a data da resolución. Iso sucede a pesar de que se trata dunha menor, que, como sinala o propio informe, ten preferencia. O expediente debería atoparse resolto no prazo previsto, sen as demoras que prexudican os afectados.

2. A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de recoñecemento de situación de discapacidade é coñecida a través deste e doutros expedientes. Este problema foi tratado en diferentes informes ao Parlamento e segue sen solución, como o demostra a presente queixa. En anteriores respostas anunciábanse medidas para solucionar ou paliar a situación, como a colaboración do SERGAS.

3. Dado que seguimos a comprobar amplos retrasos nas valoracións iniciamos unha actuación de oficio (Q/29057/17). A través dela tentamos coñecer os resultados das medidas e o cumprimento das recomendacións formuladas nese aspecto. Considérase necesario coñecer os detalles da posta en marcha das medidas, os resultados e a súa previsible proxección cara ao prazo no que rematarían. Avaliar o resultado das medidas anunciadas permitiría coñecer a efectividade destas e tamén das recomendacións formuladas, que se responderon por parte da consellería mediante o recoñecemento do problema e o anuncio das medidas para abordalo.

A consellería respondeu que “implementamos, e seguimos facéndoo, distintas actuacións desenvolvidas co obxecto de lograr unha redución efectiva dos tempos de espera nos procedementos de valoración”. Indica que tomou as seguintes medidas: a) Medidas xa implementadas: plan de apoio á xestión a través de horas extraordinarias 2011-2013; plan de xestión; mellora dos sistemas de xestión (inicialmente a implantación dos sistemas e a formación do persoal supuxo un atraso na tramitación, pero en 2018 espéranse acadar os resultados previstos); e ampliación da RPT (6 novos postos de traballo nos equipos de Ferrol e Santiago de Compostela e 2 novos equipos). b) Medidas implementadas en 2017: modificación das áreas de valoración co obxectivo de aproximar os lugares de valoración á

ciudadanía; convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o SERGAS (permite o acceso á historia clínica electrónica); historia social única electrónica; convenio co SERGAS (actuacións de reforzo e medidas de axilización do procedemento a través do persoal cualificado (médicos). Remitíronse aos médicos do SERGAS 904 expedientes, dos que 223 xa foron valorados, o que supón un 24,7 % de avance nas valoracións.

Sinalou que “despois da introdución das novas medidas citadas e a pesar da complexidade do procedemento de valoración e o incremento do número de solicitudes se prevé para o ano 2018 as reducións dos prazos e os tempos de emisión da resolución do recoñecemento do grao de discapacidade, aos que tamén contribuirá a aplicación de novos instrumentos administrativos para a mellora continua, que permitirá alcanzar os obxectivos propostos”.

Permanecemos atentos ao cumprimento do compromiso de diminuír os atrasos ata cumprir os prazos legalmente previstos.

4. Agora a Consellería de Política Social indica novas medidas para reducir as listas de agarda. Reforzará o persoal dos equipos de valoración e creará 14 novos equipos, que pasan de 19 equipos a 33. Entrarán en funcionamento este mes de xuño. Mellorará a xestión das citas cun servizo de confirmación e recordatorio que evite a non asistencia. Recoñecerá o 33 % de forma automática ás persoas ás que Seguridade Social recoñecera pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez (o tiñamos recomendado). Revisará o procedemento para simplificar as solicitudes e evitar a achega de documentación. Facilitarase o uso da Historia Social Única Electrónica. E daráselle prioridade as persoas con ELA (prazo dun mes), o que pode estenderse a outras patoloxías semellantes.

5. Neste caso non se concreta a melloría da situación, posto que non se especifica a data prevista de valoración, en que medida mellorou o tempo de espera para as valoracións nos equipos da localidade e cando prevese poder cumprir co prazo legal. Como sinalamos, iso sucede a pesar de trátase dunha persoa con prioridade e sobrepasouse o prazo ordinario.

6. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obriga principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo á revisión da valoración da situación de discapacidade da menor afectada, posto que é prioritaria e se atopa atrasada, de tal maneira que non se produzan demoras prexudiciais; que tamén con urxencia habilítense as medidas anunciadas para normalizar a situación; e que compróbesse que as medidas tiveron efecto e corruxiron a situación ata facer cumprir os prazos.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo